



Alternativa dos Veciños

SINGULARES, DISTINTOS

ARTEIXO

Posible pelletazo coa venda do parque comarcal de bombeiros



O Concello de Arteixo anunciou a súa intención de vender por 4 millóns de euros os terreos nos que se atopa o actual parque de bombeiros que dá servizo a todos os municipios da comarca. Esta operación podería ocultar un posible pelletazo por parte do Goberno municipal do Partido Popular.

Páxina 5

CARRAL

O Goberno de Carral prioriza os investimentos en servizos básicos

O pésimo estado no que o Partido Popular deixou as arcas do Concello obriga a priorizar os gastos en todos aqueles servizos públicos básicos, dos que carecen distintas parroquias do municipio.

Páxina 14

A CORUÑA

O Concello está obrigado a tomar o control do edificio de Payo Gómez



Páxina 3

BERGONDO

Alternativa urxe á Deputación que expropie para eliminar o tapón de San Paio

Páxina 8

CAMBRE

As inmediacións da Biblioteca Central continúan sen urbanizarse

Páxina 11

CULLEREDO

Familias de Almeiras teñen dereito ás subvencións da Fundación Paz y González

Páxina 17

OLEIROS

Solicitada a Costas do Estado a rexeneración da praia do Porto de Santa Cruz

Páxina 19

SADA

A desorganización do Concello deixa sen subvencións municipais ás asociacións

Páxina 21

Deterioro do sistema democrático

A degradación da clase política no noso país estase acrecentando a pasos de xigante, ao igual que acontece en moitos outros estados rexidos por normas democráticas. O deterioro vén motivado por diferentes e irrefutables causas: falta de persoas honestas con capacidade de liderado e de proxectos reais pensados para a cidadanía, carencia de equipos que se comprometan a levalos a cabo con honradez, proliferación de bandas sen escrúpulos incrustadas en partidos e institucións, ambición de poder desmedida co único fin de enriquecerse, deixadez de funcións dos organismos e institucións creados para velar e castigar as condutas delitivas nas administracións que tanto denigran o sistema democrático, lustros de demora para aplicar resolucións xudiciais co que prescriben os delitos ou morren os seus autores.

O inicio da democracia en España foi posible pola loita que a maioría do pobo levou a cabo. Despois de corenta anos de ditadura, deixando á marxe credos e pensamentos políticos, a cidadanía saíu ás rúas demandando un réxime democrático e constitucional. Mulleres e homes que,

desde posturas enfrontadas, fixeron posible un documento para asentar as bases da convivencia e instaurar a democracia a través do pluripartidismo para dirixir as institucións, respectando as múltiples culturas e identidades dos pobos de España, así como para gozar dos dereitos e liberdades tantos anos secuestradas.

Naqueles tempos iniciais da democracia nos que si existían líderes e grandes oradores de ideoloxía dispar debatéronse e aprobáronse, con absoluto respecto, as leis que desenvolveron os obxectivos establecidos na Constitución. Lamentablemente son tempos pasados porque 43 anos despois as sesións dos parlamentos están convertidos en circos e feiras mediáticas onde os máis charlatáns e ignorantes eríxense en adalides da democracia, empezoñánda e socavando os cimentos que a sosteñen.

É urxente e necesario revisar a Constitución española para poñer orde a tanto caos e a tanta desviación dos dereitos, das liberdades e da falta de respecto aos diferentes. Non permitamos que España se converta nun reino de taifas. En democracia o poder osténtao o pobo e non se lle pode usurpar desde as poltronas e os organismos institucionais que foron creados para servir á cidadanía.



A CORUÑA



O Concello debe tomar posesión do edificio de Payo Gómez ▼

■ ■ A Fundación Manuel Piñeiro Pose, creada no 1940 en cumprimento do testamento do ano 1938, constituíuse para que os ingresos procedentes dos arrendamentos das vivendas e dos baixos do edificio situado na praza de Pontevedra, que tamén fai fronte ás rúas Payo Gómez e Teresa Herrera, se destinasen ao hospital municipal, en especial para mellorar os tratamentos científicos e a alimentación das persoas enfermas. Así mesmo prevía que se destinase un 6,5% dos ingresos para coidar a súa tumba e realizar misas pola súa alma e a da súa esposa.

Malia non existir dúbida algunha de que a propiedade do edificio é do Concello, pasaron décadas sen facerse con esta propiedade. No ano 2015, Alternativa dos Veciños presentou no seu programa electoral da Coruña unha proposta para que Concello se fixera co control da Fundación. Concretamente dicíase que o Concello podería incorporar o inmovible ao seu patrimonio conforme ás cláusulas establecidas no seu día polo fundador e que para cumprir a súa vontade dedicaría os ingresos aos fins estipulados.

É de lamentar que un edificio valorado en decenas de millóns de euros, nun dos lugares máis céntricos da Coruña, continúe sen control algún por parte do Concello. Supostamente existen vivendas baleiras e outras que están ocupadas que non se sabe nin se pagan nin a quen pagan.



A ampliación de Alfonso Molina, unha necesidade imperiosa ▼

■ ■ Calquera mínimo accidente que se orixina na avenida Alfonso Molina, especialmente os días de choiva, xera uns atascos descomunais que colapsan numerosas estradas da área metropolitana.



Para evitar esas situacións, urxe acometer a obra de ampliación da avenida creando máis carrís, reservado algún en exclusiva para o transporte público -buses e taxis-.

Esta obra non sería incompatible coa que se está a realizar en Sol y Mar xa que non afectaría á actual circulación ao facerse a ampliación polos laterais. Caso distinto é o da ponte Pasaxe, para a que si sería preciso acabar antes co túnel de Sol y Mar.

Tanto o anterior Goberno do PP, como o actual do PSOE e Podemos, destinan todos os anos nos orzamentos do Estado unha partida ridícula de 100.000 euros para esta obra que non chega nin para limpar a maleza das medianas da avenida. Todos os cidadáns que sofren as consecuencias da non realización desta obra poden denunciar a situación ante o Ministerio de Transportes dirixíndose ao teléfono 915 978 783 ou ao correo electrónico dg.carreteras@fomento.es. A Coruña non ten futuro sen as infraestruturas viarias necesarias.



Albada obrigada a continuar o tratamento de residuos en Nostián nas mesmas condicións ▼

A sala do contencioso número 3 fallou a favor do Concello da Coruña e do Consorcio das Mariñas e contra a empresa Albada, que se negaba a seguir prestando o servizo de eliminación e tratamento de residuos sólidos urbanos nas condicións establecidas en contrato. A sala manifestou que mentres non se realice unha nova contratación para a prestación do servizo, a UTE Albada está obrigada a continuar realizando o traballo nas mesmas condicións, sen incrementos económicos. Ademais, a sala impuxo as costas do xuízo á empresa Albada.

O Concello da Coruña debe apresurarse para que no menor prazo posible dispoña das bases que lle permitan licitar o servizo de tratamento de residuos na planta de Nostián.



O problema dos okupas na Coruña ▼

Negar un problema é non querer resolvelo. Os okupas na Coruña son un problema. Non falamos do movemento okupa como colectivo ideolóxico, senón de mafias organizadas. Non só é unha cuestión do barrio dos Mallos, aínda que nalgunha rúa do mesmo, como a rúa Noia, sábese polo menos de tres pisos ocupados. A situación levou a que se manifestaran centos de veciños, organizados en plataformas cidadás. Os okupas están espallados por toda a cidade: Agra do Orzán, Sagrada Familia, Peruleiro... Nin se sabe o número de pisos ocupados; poden estar ocupados pisos de bancos, que non denuncian a okupación; hai moitas casas baleiras de propietarios que se desentenden da súa conservación.

Os veciños relacionan os pisos dos okupas co trapicheo de drogas, pois asisten a plena luz do día a idas e voltas de coches que circulan, paran e compran. Ademais do trapicheo, arredor deses pisos aumentan os roubos por descoido, os tiróns de bolsos e os roubos menores en comercios. O aumento da presenza policial nos Mallos xa se está a notar na redución destes roubos. A policía é responsabilidade da Delegación de Goberno (Policía Nacional) e do Concello (Policía Local). A policía, chámese policía de barrio ou comunitaria, é unha parte da solución, pero non é a solución, porque un problema complexo require solucións complexas, que teñen a ver tanto coa orde pública como coa lexislación e co urbanismo.

A lexislación resulta insuficiente e deficiente. Cando o artigo 33 da Constitución garante o dereito á propiedade privada, pero calquera pode acceder por Internet a unha guía con instrucións para levar a cabo unha okupación, algo falla. Circulan bulos como que a policía ten só 48 horas para desalojar aos okupas, pero o certo é que non resulta fácil desalojalos porque a lexislación é moi imprecisa e ao final para botar uns okupas igual se tardan cinco anos. Non se afronta como un delito de arrombamento ou usurpación de vivenda, senón como un problema social. Aprovéitanse



diso as mafias, que lles indican aos okupas que poñan por diante aos nenos, para que teña que actuar primeiro Asuntos Sociais, ou aos cans, para que teña que actuar primeiro unha protectora de animais. Cando moitas familias teñen dificultade para pagar o recibo da luz, resulta que ao seu carón uns okupas enganchan a luz ilegalmente.

Os partidos políticos con representación en María Pita están descolocados. O PSOE se limita a dicir que a okupación é un problema puntual e que A Coruña é unha cidade moi segura. A Marea recúa no seu discurso pro-okupación, pola conta que lle trae, pois apoiaban no seu día aos okupas, pero lles saíron rebeldes. O BNG aparece pouco, quizais porque o asunto non é moi nacionalista. O PP anda a sacar tallada de todo e a presentarse como un partido de orde, que bota de menos a orde doutra época.

Ninguén ten unha variña máxica. Hai que diferenciar os tipos de okupas; os okupas non son todos iguais; o decreto antideshaucios está para protexer a persoas vulnerables non a delinquentes. Hai que diferenciar os tipos de propietarios; non é o mesmo un propietario dun piso herdado que un propietario rentista que posúe varios pisos mal conservados ou que un banco que ten unha bolsa de pisos baleiros como consecuencia da especulación. Hai que diferenciar inmigración de delincuencia; os inmigrantes que veñen para traballar en traballos que aquí rexeitamos son maioritarios respecto dos que entran no país para roubar ou vender droga; non hai que caer na xenofobia; falamos de civismo, de seguridade cidadá, non de razas. Hai que ter claro que un delito non pode xerar un dereito.



ARTEIXO



Posible operación especulativa coa venda da parcela do parque de bombeiros comarcal ▼

■ ■ O Concello de Arteixo acaba de anunciar que pretende trasladar o Parque Comarcal de Bombeiros ao polígono de Morás, coa intención de vender a parcela por 4 millóns de euros.

Na propia comunicación emitida polo Concello afirmase que xa existe un posible comprador, o que significa que se obterían a dedo máis de 4 millóns.

Este parque de bombeiros é de interese supramunicipal, presta servizo aos concellos da comarca e no seu día instalouse en Arteixo por intereses políticos do Goberno da Deputación. Arteixo non pode cambiar o seu emprazamento sen contar cos concellos da comarca, coa Deputación e coa Xunta, que son os que financian o seu mantemento.

A inexistencia de planeamento urbanístico impediría asignar novos usos libremente á parcela unha vez quedase baleira.



■ Actuais instalacións do parque comarcal de bombeiros

Arteixo sen plan xeral... e seguirá!

O Goberno municipal segue a enganar os veciños e veciñas

No ano 2008, co Goberno bipartito PSOE-Terra Galega, adxudicouse o contrato para redactar o Plan xeral de ordenación urbana. En 2011 o PP gana as eleccións por maioría e no ano 2015 decide rescindir o contrato por incumprimento por parte da empresa adxudicataria. En 2018, un ano antes das eleccións, a situación é a mesma e o secretario da corporación informa que o contrato debería estar finalizado en 2014. En 2021, 13 anos despois, Arteixo continúa sen plan xeral, malia as 3 maiorías absolutas que houbo durante todo este tempo.

Agora, o Goberno municipal anunciou que se procederá a contratar unha nova empresa para redactar o plan xeral. É dicir, os veciños de Arteixo nunca terán un plan xeral que ordene e outorgue dereitos aos veciños e veciñas.

Os veciños non poden depender de intereses privados de persoas que determinan, sen amparo legal, onde e como se poden construír. Sen plan, Arteixo é un barco á deriva, sen rumbo, e con moitos piratas ao redor.



■ Juan Francisco Martínez, segundo pola esquerda, e Noelia Martínez, no centro, xunto a outros compañeiros e compañeiras de Alternativa dos Veciños en Arteixo



Admitida a trámite a querela contra Antonio Patiño por injurias e denuncia falsa ▼

O Sr. Antonio Patiño, que usurpou o cargo de concelleiro a Alternativa dos Veciños en Arteixo, difamou e presentou dúas denuncias falsas nos xulgados de instrución nº 1 e nº 3 contra os representantes de Alternativa, Juanfran Martínez e Noelia Martínez. Os tribunais acordaron o sobresemento e arquivo.

Ante a mala fe do Sr. Antonio Patiño e as injurias con publicidade contra Juanfran Martínez e Noelia Martínez, Alternativa dos Veciños presentou unha querela criminal polos posibles delitos de injurias, calumnias con publicidade e denuncia falsa.

O alcalde non permite participar nos plenos á cidadanía ▼

■ Incumprindo o regulamento municipal e o regulamento de participación cidadá, o alcalde de Arteixo impediu que representantes de Alternativa dos Veciños participasen no pleno municipal.

A normativa establece que é posible tomar a palabra para denunciar feitos de interese xeral relacionados coa xestión do Concello.

Malia as trabas, Alternativa dos Veciños seguirá a demandar o seu lexítimo dereito democrático a opinar sobre determinados temas que se debaten na corporación.

O soterramento das liñas de Sol y Mar pendentes da xestión do solo por parte do Concello ▼

Noelia Martínez, voceira de Alternativa dos Veciños de Arteixo, reuniuse co delegado de Rede Eléctrica de España en Galicia para tratar a eliminación das liñas de alta tensión propiedade desta empresa que atravesan a Urbanización Sol y Mar na parroquia de Oseiro. A compañía está disposta a redactar o proxecto e axilizar todos os trámites para eliminar os cables, igual que a Xunta de Galicia, pero a actuación estaría pendente de que o Concello poña a disposición o solo necesario para realizar o soterramento da liña.

Deberían aproveitarse os fondos europeos que van chegar a España, que se poden utilizar neste tipo de proxectos. De non ser así, a Xunta de Galicia xa se comprometeu a sufragar o custo da obra.

As ambulancias non poden acceder a Suevos e Santaia de Arriba

■ As rúas do centro de Suevos e de Santaia de Arriba, con tramos de menos de 3 metros de ancho, non permiten o paso de ambulancias ata diversas vivendas. Resulta inadmisíbel que se dea esta situación en dous núcleos urbanos históricos do municipio.

Alternativa dos Veciños demandou ao Concello de Arteixo que realice actuacións para mellorar o acceso a estas dúas zonas, para garantir a atención médica de emerxencias a todos os veciños e veciñas. Non é preciso tirar ningunha vivenda, pero o Goberno municipal di o contrario para enganar aos veciños e non actuar.

Non se poden investir os recursos públicos municipais en obras faraónicas mentres non se traten cuestións tan básicas



■ Estreitamento na localidade de Suevos



Alternativa demanda a eliminación dos estreitamentos na estrada Rorís-Anzobre ▼

■ ■ Alternativa dos Veciños solicitou ao presidente da Deputación da Coruña que elimine os 2 estreitamentos da calzada realizados na construción da senda peonil na estrada que conecta os núcleos de Rorís e Anzobre.



Hai 2 puntos concretos, sobre a ponte do rego do Acibeiro e fronte á Escola de Educación Infantil de Rorís, nos que se colocaron unhas bases de formigón que se meten sobre un dos carrís de circulación impedindo o paso nas 2 direccións, o que pode provocar graves accidentes de tráfico.

Concentración para esixir solucións co Rego da Ranqueira ▼

A veciñanza de Santaia de Chamín, xunto con representantes de Alternativa en Arteixo, concentráronse para esixirlle ao Goberno municipal que acabe cos problemas existentes co Rego da Ranqueira que causa importantes inundacións nas vivendas, principalmente no inverno cando aumenta o caudal, e que tamén está a provocar unha importante deterioración da estrada. A obra iniciada polo Concello meses atrás foi paralizada por erros no proxecto. A construción dun muro de contención e a instalación dun tubo de 40 metros acabarían cos problemas que sofren os veciños e veciñas deste lugar.

Conectan á rede de saneamento as vivendas que vertían fecais na ría de Barrañán ▼

Ante as denuncias presentadas por Alternativa dos Veciños polas verteduras de augas residuais na ría de Barrañán, que foron confirmadas por Augas de Galicia, o Concello foi requirido para que emendase a situación. Así foi como se procedeu á obra de conexión coa rede de sumidoiros das vivendas que estaban a contaminar.

O alcalde non solicita a Costas autorización para mellorar a estrada Sorrizo-Reiro ▼

■ ■ Despois das demandas de Alternativa dos Veciños, o alcalde convocou unha reunión cos veciños e veciñas das parroquias de Chamín e Sorrizo. Nese encontro, no que participaron representantes de Alternativa, o alcalde recoñeceu que non fixera ningunha xestión ante Costas para poder realizar a obra que precisa a estrada.

Os veciños demandan a mellora da estrada para uso de vehículos, peóns e ciclistas e así o deixaron claro na reunión.

De maneira provisional, o Goberno municipal comprometeuse a acondicionar unha pista forestal que enlaza as Covadas con Punta Alta, para minimizar os problemas ocasionados aos veciños. Pasaron xa máis de tres meses e aínda non se fixo nada. Igual que sucede co compromiso de arranxar a estrada que vai desde o Porto de Sorrizo a Chamín.



BERGONDO



Novo capítulo vergoñento en Villa Julia ▼


■ A recente sentenza ditada polo xulgado contencioso administrativo número 2 da Coruña dá a razón ao propietario de Villa Julia nas súas pretensións de impedir a toda costa o acceso dos técnicos da Deputación á finca para poder realizar o estudo topográfico da parte que estaría afectada polo proxecto de ampliación da estrada nese punto tan crítico. O xuíz apela á “inviolabilidad del domicilio”. A Deputación da Coruña xa anunciou a súa intención de recorrer a sentenza.

A instalación dunha planta de residuos a escasos metros de vivendas de Lubre e Soñeiro non pode ser autorizada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Atendendo á lexislación vixente, a Xunta está obrigada a denegar a solicitude de construción. Ademais trátase dunha localización totalmente inadecuada para unha planta destas características polos graves problemas que lle ocasionaría aos residentes da zona e ao patrimonio natural, tanto de Bergondo como de Sada.

Alternativa dos Veciños considera que a Deputación non precisa entrar na finca para valorar o peche e a franxa a expropiar para posteriormente poder realizar as obras de ampliación da calzada, creando tamén beirarrúas. A denegación do acceso non imposibilita que a Deputación, en beneficio da seguridade viaria e dos peóns, leve adiante o proxecto de expropiación, que en nada afecta a bens culturais ou de protección patrimonial.



■ Juan Fariña, Pablo Santiso e Eloy Babío, representantes de Alternativa dos Veciños en Bergondo, acompañados de veciños e veciñas




■ O muro afectado atópase nun lamentable estado de conservación

A finca, no seu día singular, foi alterada polas obras que fixo a persoa que a comprou, non respectando a casa existente e ampliándoa nun 200%. A Consellería de Cultura, á que no seu día non se dirixiu a Deputación, debería informar para posibilitar esta importante obra para a seguridade viaria.

Mocións no pleno municipal ▼

Alternativa dos Veciños presentou no último pleno municipal unha moción para que o Concello iniciase a elaboración da ordenanza municipal de vaos, para resolver unha carencia histórica que provoca problemas de convivencia e desorde nas zonas máis urbanas. Tamén se presentou outra moción solicitando á Deputación melloras na seguridade viaria das estradas provinciais mediante a instalación de sistemas redutores de velocidade para os vehículos. Esta segunda proposta foi aprobada, non así a primeira ante a oposición da alcaldesa.



A contratación as rotondas de Guísamo ▼

■ ■ O Ministerio iniciou a licitación da obra das dúas glorietas proxectadas na N-VI, a do cruce de Ferrol e a da intersección coa estrada de Cambre.

O orzamento é de 1.511.491 euros, cun prazo de execución de 5 meses. Trátase dunha noticia moi agardada, que por fin vai permitir a eliminación dun punto negro da rede viaria.

■ Plano da rotonda no cruce da estrada de Ferrol

Planta de residuos de Obra de Paño, a Xunta non sabe/non contesta ▼

O Concello de Bergondo remitiu o pasado mes de xullo un informe á Xunta, moi tallante, afirmando que a planta de residuos que un particular pretende instalar nunha parcela rústica con vivendas moi preto (tanto de Lubre, coma de Soñeiro) non é autorizable desde o punto de vista urbanístico. Ese informe acompañouse dun extenso expediente que recollía todas as afeccións que esa instalación causaría ás persoas e ao medio ambiente; ruído, contaminación das augas, po en suspensión...

A pesar dos meses transcorridos desde entón, a Xunta de Galicia segue sen manifestarse e sen resolver o expediente. A que agardan para pronunciarse negativamente, tal e como pide o Concello?

O Concello non outorgará licenza para esta planta contaminante

Aprobados os orzamentos municipais para 2022 ▼

Entre outras obras que se van realizar con cargo aos orzamentos municipais de 2022, están a construción das beirarrúas que unirán os lugares de Baldomir e Pedras Brancas, en Guísamo. A obra inclúe a rede de saneamento para toda a zona e a iluminación pública. Tamén se reserva unha partida de 133.784 euros para o saneamento en San Vitorio-Callou, na parroquia de Vixoi.



A lentitude de Fenosa e Telefónica ten paralizada a obra das beirarrúas de Vixoi ◀

A paralización das obras da estrada provincial de Vixoi, que está a inquietar os veciños da zona, débese aos retrasos de Fenosa e Telefónica no retranqueo dos postes da súa propiedade. É inexplicable que estas compañías privadas provoquen demoras nas obras de mellora de estradas e creación de beirarrúas, neste e en moitos outros lugares. A Deputación prevé que as obras se reinicien no mes de xaneiro.



Conséguese recuperar para o baño a praia do Regueiro ►

O arduo traballo realizado polo Goberno municipal, particularmente pola Concellaría de Medio Ambiente, na mellora do saneamento e na supresión de vertidos incontrolados de augas residuais deu como resultado que a praia do Regueiro volva estar incorporada pola Xunta na listaxe oficial de zonas de baño de Galicia. As inspeccións e análises realizadas deron como resultado unha calidade da auga excelente, a mellor cualificación existente.



Finaliza a renovación da iluminación pública ▼

O Goberno municipal mellorou a iluminación pública en amplas zonas do municipio con novas luminarias de tecnoloxía led. Este tipo de iluminación reduce notablemente o custo eléctrico para o Concello e ofrece unha mellor luminosidade. A execución do proxecto acaba de rematar recentemente.

Mellora de camiños municipais ►

Realizáronse obras de pavimentación de rúas municipais en Rois, Trasdoval, Babío, Moruxo, Armuño a Ruadalama... Está previsto realizar máis asfaltados proximamente en Cortiñán, O Pedrido, Peteiro, Bergondiño ou Loureda, entre outros.



Obras de saneamento ►

Actualmente está en fase de obras a prolongación da rede de saneamento en San Paio (Guísamo). Proximamente levaranse a cabo importantes actuacións desta índole en Tatín, Fiobre e San Vitorio-Callou.

A grande materia pendente en cuestión de saneamento era e segue a ser a do conxunto da parroquia de Lubre. Hai que desencallar esa complicada e lenta tramitación que leva este proxecto tan esencial. Alternativa dos Veciños agarda ofrecer novidades ao respecto nos próximos meses.



CAMBRE



Á espera da resolución xudicial sobre as recalificacións no Seixal ▼

■ ■ Están denunciados ante os xulgados do contencioso administrativo os acordos de recalificación de solo rústico a urbano no Seixal, entre a N-VI e o linde co Concello de Oleiros.

Outorgáronlle a unha promotora 25.000 metros de construción nunha parcela de 40.000 metros e tamén aprobaron o aumento do aproveitamento urbanístico noutra parcela limítrofe, onde se atopan as Casas Bailly.

A Lei do Solo de Galicia determina que só é posible recalificar solo coa aprobación dun Plan Xeral e non mediante normas subsidiarias que están obsoletas desde o 2016. Alternativa dos Veciños agarda que os tribunais resolvan o asunto no prazo máis breve posible para paralizar esta operación especulativa e poder obrigar a que o Concello de Cambre conte cun plan urbanístico que evite este tipo de actuacións.



O Concello de Oleiros autoriza ao de Cambre a crear un aparcadoiro na rúa Muíños ▼

O Concello de Oleiros permitirá que o Concello de Cambre realice as obras de creación de aparcadoiros na rúa Muíños, para dar así servizo aos numerosos veciños e veciñas da zona que precisan de máis aparcamentos. Ademais dos estacionamentos, o Concello de Cambre deberá urbanizar a rúa asfaltándoa e colocando o bordo para as futuras beirarrúas.

Segue sen urbanizarse o entorno da biblioteca



■ ■ As obras de urbanización das inmediacións da Biblioteca municipal de Cambre xa deberían estar feitas, tal e como se recollía no convenio asinado entre o Concello e o promotor que tiña a obriga de facelo. De non ser así o Concello debería ter executado o aval presentado pola promotora que garantiría a actuación.

O Concello contratou a obra adquirindo o compromiso ante a Deputación de simultanear as obras de urbanización. Neste momento o edificio está sen rematar na planta baixa e as obras de urbanización sen realizar. O Concello está obrigado a reclamar a urbanización ao promotor ou a facela con fondos propios, incumprindo neste último caso o acordo existente coa Deputación.



Vendedores de fume ▼

O Partido Popular presentou varias enmendas aos orzamentos do Estado que non foron aceptadas. Entre outras, os deputados do PP solicitaban 500.000 euros para reconstruír as Casas Bailly, aínda que ao mesmo tempo recoñecían que eran unha ruína total.

Os restos das Casas Bailly están dándolle moito xogo aos vendedores de fume, tanto do PP como do Goberno municipal. Uns e outros gobernaron Cambre cando era posible restauralas e non fixeron nada. Hoxe son irrecuperables.

CONEXIÓN SAPROGAL – AP-9 ▼

O futuro vial de conexión entre a N-VI e a AP-9 desde Saprogal foi deseñado polo Concello de Oleiros coa intención de aliviar o tráfico da Costa da Tapia, para evitar pasar polo Seixal. Hai máis de 20 anos que conta coa aprobación da Xunta, aínda que nunca chegou a realizalo.

Esta obra ten un custo duns 4 millóns de euros e correspóndelle facela a Xunta, en ningún caso nin o Concello de Cambre nin o de Oleiros. O Partido Popular tamén falaba de incluír nos orzamentos do Estado 200.000 euros para este vial. Unha maneira máis de vender fume e intentar quedar ben, cando ostentan o Goberno galego.

Graves deficiencias nas obras de “humanización” ▼ do Temple

Desde que remataron as obras de “rexeneración e humanización” no Temple son habituais as inundacións en locais e baixos comerciais polas escorrentías de auga. No seu momento, Alternativa dos Veciños xa denunciara que as melloras realizadas no ían resolver os problemas que padecían veciños da zona. O Goberno municipal non pode agardar máis tempo e debe arranxar con urxencia os problemas existentes.

Alternativa reitera a necesidade de mellora do alumeadado público ▼

Son moitos os núcleos do concello que precisan desde hai tempo da dotación ou de melloras de alumeadado público. Alternativa dos Veciños solicitou en repetidas ocasións no pleno da corporación que se atenden estas demandas veciñais.

O Goberno municipal alega que o Concello está pendente dunha subvención europea que non dá visto a luz, nunca mellor dito. Iso si, acaba de anunciar un superávit que procede, principalmente, de investimentos contemplados nos orzamentos municipais que non chegaron a realizarse.



Abandono e carencia de servizos nas zonas rurais

As zonas rurais de Cambre son as que sofren un maior abandono e desatención por parte do Concello.

A día de hoxe hai moitos núcleos históricos sen rede de saneamento, beirarrúas, iluminación axeitada,... ou que teñen un servizo de recollida de lixo deficiente. É de obrigado cumprimento por parte do Concello cubrir este tipo de servizos básicos, sen que os veciños e veciñas teñan que reclamalo.



Atendidas as solicitudes de mellora do parque das Gamelas ▼

O acondicionamento do parque das Gamelas, que Alternativa dos Veciños demandou con insistencia e que o Goberno local non consideraba necesario, fixeron posible a existencia dun lugar de esparcemento para que os veciños e veciñas da zona poidan reunirse ao aire libre e gozar da convivencia. A plantación de árbores prevista acabará por consolidar esta área como un espazo de ocio preferente.

■ Malia as melloras, este espazo público precisa dun mellor mantemento da zona verde



Necesidade de mellora dos servizos de seguridade cidadá ►

■ Cambre, un concello de máis de 25.000 habitantes, debe incrementar o número de axentes de Policía Local, así como dispoñer dun servizo de emerxencias día e noite.

Todas as parroquias de Cambre precisan dispoñer dunha resposta áxil as 24 horas do día ante incendios, accidentes de tráfico, inundacións, caídas de árbores,...



Participa con nós!

Desde Alternativa dos Veciños de Cambre estamos abertos a recibir propostas ou queixas de todas aquelas persoas preocupadas por mellorar o municipio.

É posible contactar no
teléfono 604 080 782
ou no correo electrónico:
cambre@alternativadosvecinos.org

■ Os concelleiros de Alternativa Raúl Varela e Sandra Sánchez xunto cos seus compañeiros Óscar Roca e Manuel Castro



CARRAL



O Goberno municipal prioriza os investimentos públicos na creación de servizos básicos ▼

■ O proxecto de reurbanización do centro de Carral, que afectaba ás marxes da N-550 ao seu paso pola vila, ascendía a 1.416.983,53 euros. Inicialmente o Concello tería que aportar o 100% dos cartos e unha vez finalizadas as obras reclamaría 1.133.586,82 euros que financiaría a administración xeral do Estado.

A xestión do anterior Goberno municipal do Partido Popular deixou as arcas do Concello nunha pésima situación, impedindo abordar estas obras sen financiación externa. Así foi que o Alcalde fixo as xestións oportunas con bancos e coa Deputación, pero ningunha entidade estaba disposta a ofrecer a financiación necesaria. Ademais, as numerosas melloras necesarias das distintas parroquias

obrigan a priorizar os investimentos públicos nas redes de saneamento, de auga ou na iluminación pública, entre outros servizos básicos.

Con esta obra, eliminaríanse a maior parte dos aparcamentos existentes do centro de Carral e non transformaría a localidade, tal e como dicía o edil do PSOE na prensa, xa que xa existen beirarrúas ao longo de toda esta vía. Este concelleiro, que forma

parte do Goberno municipal, esta á buscar constantemente a confrontación cos seus compañeiros de Goberno con todo tipo de friccións sen base nin fundamento.

Se alguén está enganando ao pobo de Carral non é Alternativa dos Veciños, senón aqueles que faltan constantemente á verdade. Alternativa dos Veciños entrou no Concello de Carral para xestionar e non para dilapidar os cartos públicos.

Convenio do Concello de Carral coa Deputación

■ O Goberno municipal, presidido por Javier Gestal, destinará 183.040,75 euros a mellorar as instalacións deportivas no ámbito das actuais pistas de tenis.

Con esta obra creárase unha nova zona multidisciplinar deportiva e cultural, cun espazo cuberto de 700 metros cadrados que permitirá un maior uso das instalacións. A Deputación aporta o 80% da financiación.

A mellora das instalacións deportivas municipais é un dos obxectivos de Alternativa dos Veciños



■ O alcalde, Javier Gestal, xunto aos concelleiros e concelleiras de Alternativa na zona na que se vai actuar



Acondicionado o aparcamento do campo de fútbol Borja Rodríguez Ans

Procedeuse ao asfaltado e acondicionamento do aparcadoiro do campo de fútbol municipal Borja Rodríguez Ans. Melloráronse 1.800 metros cadrados con sinalización e ordenación das prazas de aparcamento. Trátase dun lugar moi concorrido e empregado polos veciños e veciñas de Carral.

Contratado o Servizo de Axuda no Fogar ▼

Tras 20 anos pendente de regularizar, adjudicouse o Servizo de Axuda no Fogar saldándose así unha débeda histórica cos veciños e veciñas. En 2019 o servizo chegou a levarse por tres empresas distintas ao mesmo tempo cun descontrol tan grande que había domicilios

nos que aparecían as tres empresas ao mesmo tempo e quedando outras casas sen que aparecese ninguén, deixando ás persoas usuarias totalmente esquecidas. Unha vez rescindidos os contratos destas empresas, o actual Goberno contratou unha empresa ponte para garantir a

estabilidade e bo funcionamento do servizo. Agora, tras 20 anos, por fin foi regularizado coa contratación pública mediante concurso adjudicado á empresa AO Mayores, que contará cun contrato de 2 anos que poderá ampliarse con 3 prórrogas dun ano cada unha.



Éxito de participación nas actividades culturais

A participación e apoio dos veciños e veciñas de Carral nos actos culturais está a ser exemplar. O ciclo de monólogos e as sesións de teatro resultaron un rotundo éxito de asistencia. Por iso, o Goberno municipal continuará na mesma liña de promoción e difusión da cultura.

■ Acto de presentación da programación cultural co alcalde, Javier Gestal, o deputado de Cultura, Xurxo Couto, e o concelleiro de Cultura, Francisco Bello

Campamentos infantís durante as vacacións de nadal ▼

Tras a boa acollida que tivo o amplo horario dos campamentos de verán, realizarase tamén un novo campamento para seguir favorecendo a conciliación familiar no CEIP Vicente Otero Valcárcel durante as vacacións de nadal. A novidade consiste na ampliación do horario, que irá de 7:30 a 16:00 horas.



Charlas informativas nas parroquias ▼

Alternativa dos Veciños de Carral ten previsto comezar coas charlas informativas nas distintas parroquias do municipio proximamente, sempre que as condicións sanitarias o permitan. Este foi o motivo polo cal non puideron realizarse con anterioridade.

Recuperado o lavadoiro de San Amaro ▶

Atendendo ás peticións veciñais, Alternativa dos Veciños puxo en marcha a recuperación do lavadoiro de San Amaro. Atopábase totalmente oculto por maleza e residuos forestais. É un dos lavadoiros máis antigos do Concello e poderá volver a ser utilizado.

Alternativa dos Veciños aposta pola conservación do patrimonio histórico do municipio



Solicitada a mellora da depuradora do Quenlo á Xunta ▼

■ ■ Segundo informes da Xunta de Galicia, a depuradora de augas fecais do Quenlo non cumpre o fin para o que foi creada e resulta necesario e urxente unha nova depuradora para substituír a actual.

O alcalde ten solicitada unha entrevista coa conselleira de Infraestruturas e Mobilidade para que a Xunta de Galicia, igual que fai noutros concellos, asuma o mantemento ou a construción dunha nova instalación.

O actual Goberno municipal de Carral non é responsable do abandono que sufriu esta depuradora durante anos, o que provoca que a día de hoxe estea obsoleta.

Mellora a iluminación entre Valiño e Ameás ▶

O Goberno municipal, ante as demandas da veciñanza da zona, mellorou e aumentou a iluminación pública no tramo peonil entre Valiño e Ameás. Trátase dunha zona moi empregada pola xente nos seus paseos diarios e na realización de deporte ao aire libre.

CULLEREDO



Veciños e veciñas de Almeiras teñen dereito a subvencións económicas da Fundación Paz y González ►



■ ■ A Fundación Paz y González foi creada o 21 de agosto de 1907 por dona María Paz y González para axudar as familias máis humildes das parroquias de San Xulián de Almeiras, en Culleredo, e de San Xurxo de Iñás, en Oleiros, cos recursos económicos obtidos da explotación das 347 hectáreas da finca denominada Alquería de Torralba, na provincia de Ávila. Para xestionar a Fundación, os estatutos estableceron a formación dun padroado composto polo alcalde ou alcaldesa da Coruña e outros dous vogais de Almeiras e Iñás, que se encargarían de entregar os cartos ás familias que cumprisen a vontade da defunta.

■ Alicia Ferreiro, Eduardo Mourelle e Sandra Marzoa, concelleiros de Alternativa dos Veciños en Culleredo

Os fins desta fundación, igual que acontece con moitas outras, non se materializaron por desidia dos patróns ata a chegada da democracia. Tras o último cambio estatutario, os veciños e veciñas de Almeiras e Iñás poden solicitar os cartos que lles corresponden dirixíndose aos Servizos Sociais dos seus concellos, que deberían facer a selección de familias beneficiarias.

No caso de Oleiros acaba de realizarse unha convocatoria pública de subvención para cubrir as necesidades básicas relacionadas coa subsistencia, a vivenda ou outros aspectos fundamentais para evitar situacións de exclusión social dos veciños e veciñas de Iñás, que poderían recibir entre 1.065 e 5.325 euros. Alternativa dos Veciños demanda que o Concello de Culleredo xestione estes fondos de maneira similar para beneficio das familias de Almeiras.

Novas rutas aéreas sen tramitación ▼

■ ■ AENA está a impoñer unha nova servidume aérea que afecta aos concellos de Arteixo e Culleredo e que non estaba contemplada na última planificación de usos de Alvedro. A zona afectada iría desde Baldaio, en Arteixo, ata o aeroporto dirección Ledoño e afectará aos futuros plans urbanísticos destes municipios, se é que algún día chegan a aprobarse.



Tamén foi modificada sen ningún trámite a ruta que empregan os avións nos despegues cara ao norte sobrevoando os lindes de Oleiros e Cambre.

Estas dúas novas servidumes infrinxen a normativa de rúidos. O Ministerio de Transportes está obrigado por lei a tramitar estes cambios ante a vulneración que supón para os intereses de milleiros de veciños de Culleredo, Cambre, Arteixo e Oleiros.



Aprobado o Plan especial para asegurar o futuro de Caamaño en Almeiras ▼

■ ■ Alternativa dos Veciños considera moi positivo que a Xunta de Galicia aprobase o Plan Especial que legaliza a situación das naves da empresa de aluminios Caamaño.

As instalacións foron construídas nunha área destinada a solo industrial que estaba pendente da aprobación do Plan xeral, o que deixaba nun limbo xurídico e legal a empresa e por conseguinte o seu persoal.

Moitos outros empresarios e promotores padecen casos similares ante a inexistencia de planeamento e a falta de vontade política por parte do Goberno municipal de aprobalo a curto prazo. Non é xustificable que dispoñendo de maioría absoluta siga sen aprobarse o Plan xeral e se utilicen normas subsidiarias obsoletas que foron derogadas pola Xunta coa Lei do solo en 2016, que xa desde o 2002 viña requirindo aos concellos a redacción dos plans urbanísticos.



Comezan as obras do dragado da ría ▼

■ ■ O Delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, comunicoulle ao presidente de Alternativa dos Veciños, Ángel García Seoane, o inminente inicio do dragado da ría, xa que de non comezar antes de final de ano perderíase a aportación da Unión Europea. O custo da obra é de 32,2 millóns de euros.

Con esta importante actuación vai recuperarse a ría para o baño coa extracción do lodo e materiais contaminantes depositados pola antiga Cross. Ademais, no caso concreto de Culleredo vai crearse unha nova zona verde de 50.000 metros no actual paseo.



Espazos singulares e de ocio esquecidos ◀ polo Goberno municipal

O entorno da ermida de San Cosme, en Sésamo, moi utilizado para o ocio e lecer das familias durante unha boa parte do ano, presenta unha importante deterioración. O mesmo acontece coa zona dos muíños de Celas do rego da Xesteira, rehabilitados no seu día con fondos PRODER, que se atopan en ruínas e cubertos pola maleza, nunha situación de total abandono. Alternativa dos Veciños demanda, en ambos casos, a súa reparación por parte do Concello.



OLEIROS



O alcalde solicita a Costas a rexeneración da praia do Porto de Santa Cruz e o arranxo do Xunqueiro ▼

■ ■ O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, mantivo unha reunión telemática co subdirector xeral para a Protección do Mar, Ángel Muñoz Cubillo, para solicitar que desde o Ministerio se realice a rexeneración da praia do Porto de Santa Cruz que precisa dunha achega de area entre a pasarela de acceso ao castelo e o porto.



Ademais deste asunto, o alcalde expuxo a grave situación que se está a vivir no Xunqueiro, en Mera, que foi comunicada á Fiscalía e que requiriría dun mínimo investimento por parte de Costas. Neste caso, o subdirector xeral tamén se comprometeu a estudar a problemática existente dado que é unha competencia da súa titularidade que precisa dunha actuación urxente para evitar novos desprendementos que poidan afectar á estrada.

Muñoz Cubillo comprometeuse a estudar o posible proxecto necesario para intentar realizar esta importante actuación que non só melloraría a actual praia senón que ademais evitaría os continuos danos que sofre a estrutura do paseo marítimo ante a actual desprotección á que está sometido.

A Deputación cofinancia a última fase da recuperación da Finca Tenreiro ▼

A principios do vindeiro ano vai realizarse a obra de finalización da rehabilitación do parque e do edificio principal da Finca Tenreiro, en Nós. Remataranse os últimos traballos de xardinería e realizaranse as obras de restauración total do edificio para crear un albergue xuvenil que permita a realización de campamentos municipais e hospedaxe de entidades de fóra de Oleiros, que realicen intercambios culturais ou deportivos con sociedades do concello.

Esta actuación ten un custo total de 457.400,84 euros. Alternativa dos Veciños logrou unha subvención na Deputación de 300.000 euros para esta obra.





A Xunta segue sen garantir a seguridade viaria na avenida Isaac Díaz Pardo ▼


■ ■ Varios accidentes recentes poñen de manifesto a urxente necesidade de dotar de beirarrúas esta avenida. O Concello solicitou en reiteradas ocasións á Xunta a dotación e mellora das actuais sendas no tramo comprendido entre Coruxo e a rotonda das Pedreiras.

Polo momento, a única actuación prevista pola Xunta neste tramo consistirá en tapar as cunetas. Esta ridícula mellora, que non soluciona o problema, foi contratada de maneira urxente xusto despois de que un familiar dun membro do Partido Popular caese co coche na gabia.

Ademais do elevado volume de tráfico de vehículos e do estreitamento da calzada, a ambas marxes desta estrada residen máis de 1.200 veciños e veciñas. Centos de persoas desprázanse a pé a diario por este tramo, incluído parte do alumnado do Colexio Cristo Rei e do IES María Casares.



Próxima ampliación da estrada xunto ao Pazo de Lóngora ▼



O Concello remitiu á Deputación as actas de cesión do solo necesario para poder ampliar a calzada e crear unha beirarrúa na rúa Casares Quiroga, á altura do Pazo de Lóngora. No último pleno deste ano a Deputación aprobará a obra para a posterior contratación e inicio dos traballos nos primeiros meses do 2022. O custo é de 183.988,95 euros.

Novas obras de mellora no Pazo de Arenaza ▼

O Concello de Oleiros, previa realización das obras de reforma necesarias no edificio, cedeu no 2016 o uso do pazo de Arenaza á Deputación para a creación dun centro de traballo compartido. Na actualidade o pazo conta cunha importante actividade no eido do emprendemento e a innovación, con 22 persoas desenvolvendo a súa actividade laboral nas instalacións.

Nas vindeiras semanas, a Deputación vai abordar diversas obras para continuar mellorando o Pazo de Arenaza por importe de 93.500 euros. Quedarían pendentes as caballerizas e o patio, que presentan un importante deterioro no tellado.





SADA



Alternativa reclama os orzamentos para o Concello ▼

■ ■ Os orzamentos resultan imprescindibles para o bo funcionamento da administración local. Son a ferramenta fundamental para conseguir as melloras que demanda a cidadanía.

Vai rematar o ano 2021 sen orzamentos aprobados. É unha obriga por parte do alcalde a presentación do expediente de orzamentos para o que debe contar coa participación dos grupos que conforman o Goberno municipal.

No ano 2022 Sada debe dispoñer de orzamento para xestionar o Concello. Para facer obras públicas e crear servizos é necesario dispoñer de fondos para as licitacións das redaccións dos proxectos e poder optimizar os recursos do Concello; hai que establecer as distintas partidas para servizos sociais, cultura, educación e deporte; e tamén é necesario contratar un servizo xurídico, ante os moitos preitos que ten o Concello.



■ Breogán Blanco e María Nogareda, concelleiros de Alternativa dos Veciños en Sada

Sada non pode permitirse estar 2 anos sen orzamentos, o que impide unha xestión áxil, ordenada e eficiente.

A desorganización do Concello deixa sen subvencións ás entidades municipais ▼

Alternativa dos Veciños demanda a necesidade de contar cun estudo económico detallado dos ingresos e gastos fixos para poder realizar de xeito urxente a aprobación dos orzamentos de 2022 para poder compensar ás entidades coas asignacións que lles correspondían e que non cobraron

Por segundo ano consecutivo, as asociacións culturais de Sada parece que non percibirán as subvencións do Concello para financiar as súas actividades. Neste ano 2021 tamén corren ese risco todas as entidades, as deportivas incluídas. No mes de novembro convocáronse as axudas de material escolar e transporte para estudantes, pero aínda non se publicou a convocatoria para clubs deportivos.

María Nogareda, como concelleira de Deportes e Educación, demandou en reiteradas ocasións a necesidade de organizar os servizos das distintas áreas para evitar esta situación. A pandemia castigou ás entidades sen ánimo de lucro e agora a administración local debe estar á altura.



Alternativa segue a defender a legalidade do edificio da Sociedade ▼



Alternativa dos Veciños mantivo unha reunión cos representantes da Sociedade Recreativa Cultural e Deportiva de Sada para interesarse polo estado actual no que se atopa o edificio situado fronte á praia de Sada, sobre o cal existe unha orde de demolición. Os terreos eran unha concesión ao Concello de Sada e o edificio está amparado en licenzas legais, polo que non procedería a súa eliminación e si a realización dunha obra completa de conservación. O Concello debe implicarse, solicitar novamente a concesión do solo a Costas, para dispoñer de máis espazos para a cultura e o ocio dos cidadáns e cidadás.

Reparar a piscina municipal, 600.000 euros

A carencia do mantemento axeitado durante anos provocou a degradación do edificio

Desde o pasado mes de xaneiro a piscina municipal de Sada está pechada debido á forte deterioración que presenta a instalación. Esta situación require dun grande investimento no edificio, tal e como certificaron técnicos competentes. Inicialmente prevíase que cun pequeno investimento poderían emendarse as deficiencias pero finalmente determinouse a necesidade de realizar un proxecto de rehabilitación integral, para garantir o seu uso. A Deputación deu o visto e prace á obra, o que permitirá a contratación de inmediato. A Concellería de Deportes, dirixida pola concelleira de Alternativa dos Veciños María Nogareda, é consciente dos prexuízos que se lle está a causar á cidadanía ao non poder dispoñer da única instalación deste tipo do municipio e subliña a importancia futura de executar regularmente os traballos de mantemento.



A Xunta obrigada a crear beirarrúas en Veigue ▼



■ Francisco Vecino e Paris Joel, membros de Alternativa en Sada, nun dos tramos que carece de beirarrúas

Unha das estradas principais de saída do municipio atravesa a localidade de Veigue. O importante tráfico que rexistra incrementase nos meses de verán pola afluencia de visitantes ás praias de Cirro, San Pedro e Carnoedo.

Esta estrada estaba programada cun ancho de 12 metros, limitándose no seu día a 6 metros de calzada. A inexistencia de beiravías e a falta de mantemento por parte da Xunta orixina un elevado risco de accidentes para peóns e condutores.

A Xunta non pode ignorar máis tempo a realización das obras de beirarrúas desde o linde con Lorbé, onde o Concello de Oleiros tivo que facer a obra pola súa conta. Ademais, Alternativa dos Veciños está en contacto cos veciños lindeiros coa estrada e están dispostos a colaborar cedendo as fronteiras da súa propiedade para que se poida facer a obra..

Sada, un fervedoiro de competicións deportivas ▼

Están a celebrarse multitude de eventos deportivos promovidos ou nos que colabora a Concellería de Deportes, que dirixe a concelleira María Nogareda. Nas últimas semanas celebráronse campionatos de disciplinas tan dispares coma patinaxe de velocidade, vela, taekwondo, fútbol gaélico, fútbol praia, remo, xadrez ou ximnasia artística.

O municipio precisa dunha rede de bibliotecas públicas ▼

O Concello conta cunha única biblioteca, a da Casa da Cultura Pintor Llorens. Alternativa dos Veciños aposta por crear unha rede de bibliotecas municipais por todas as parroquias. Na actualidade existen fondos bibliográficos en casas do pobo e centros sociais do municipio coma en Veigue, Carnoedo ou Mondego, que poderían ser ampliados e incluso dotados de persoal que atendera as necesidades da veciñanza sobre todo a dos escolares que, ás veces, non teñen acceso nin ás lecturas obrigatorias requiridas polos centros de ensino.

Alternativa dos Veciños esixe o cumprimento das subvencións para a instalación de banda ancha ▼

O presidente de Alternativa dos Veciños, Ángel García Seoane, reuniuse co delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, para reclamarlle que o Estado faga cumprir as subvencións outorgadas ás empresas de telecomunicacións para a dotación de fibra óptica en toda a comarca. O delegado explicou que todos os proxectos pendentes de finalización van recibir unha prórroga ata finais de 2022 e que desde o Goberno central acaban de outorgar unha nova subvención a Telefónica para dotar de banda ancha os principais núcleos que a día de hoxe seguen a carecer do servizo.



Atendendo as numerosas demandas recibidas por parte de veciños e veciñas de todo a comarca, Alternativa dos Veciños está a denunciar constantemente a carencia de fibra óptica en todos os municipios. O Estado outorgou subvencións para a dotación de banda ancha que as empresas adxudicatarias, en moitos casos, incumpriron parcial ou totalmente. As compañías céntranse só naquelas zonas onde hai maior concentración de vivendas, cando os fondos que recibiron do Estado eran para levar internet a todos os domicilios incluídos nos plans.

Nos vindeiros días, o Ministerio comunicará as zonas incluídas nos novos despregamentos así como as previsións existentes para aquelas rúas que están pendentes de finalización.

Aprobada a conexión da vía Ártabra coa AP-9 ▼



Os graves problemas de mobilidade na comarca da Coruña teñen na finalización da vía Ártabra unha mellora real e efectiva a dous anos vista. O delegado do Goberno informou que o Ministerio xa emitiu o Real decreto que autoriza a conexión coa Autoestrada do Atlántico, trámite do que estaba pendente a Xunta e que lle impedía realizar a conexión coa AP-9, para poder continuar no futuro ata a A-6, en Anceis.

As obras seguen paralizadas. Continúa sen desviarse do trazado da vía Ártabra a conducción xeral de gas que atravesa Galicia e as liñas eléctricas, que incomprensiblemente non estaban contempladas no proxecto.

POS+ 2022

A Deputación da Coruña entrega **5,2 millóns de euros** aos concellos da comarca para a realización de diferentes obras e servizos. Ademais, unha parte dos fondos están destinados a asuntos sociais.

- Arteixo: **939.934,16 euros**
- Bergondo: **302.032,02 euros**
- Cambre: **702.109,04 euros**
- Carral: **444.410,72 euros**
- Culleredo: **1.129.771,50 euros**
- Oleiros: **977.894,53 euros**
- Sada: **732.653,43 euros**



Alternativa
dos Veciños

POLITICAMENTE DISTINTOS

● Alternativa dos Veciños é un grupo político distinto. Somos tolerantes e respectuosos co ideario de cada quen, pero iso si: profundamente democráticos e progresistas. Non temos carnés nin cotas de afiliación e estamos abertos á participación de todas aquelas persoas honestas que aspiren a mellorar o seus municipios. Se vives na Coruña, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Sada ou Oleiros e estás comprometida ou comprometido co progreso do teu pobo, contacta con nós. Comunícanos todas aquelas demandas que consideres oportunas, envíanos propostas ou participa nos nosos grupos locais.

Esríbenos ou chámanos!



660 263 862



info@alternativadosvecinos.org



660 263 862



@alternativadosvecinos



@avvecinos

Grupo Provincial Alternativa dos Veciños

www.alternativadosvecinos.org • info@alternativadosvecinos.org